


# ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID

---

Curso 2020-21



## Índice

1. Temporalización
2. Obxectivos desta adaptación
3. Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020
4. Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada área e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado
5. Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar

Revisión dos obxectivos de área ou materia

Revisión das competencias clave

Revisión dos contidos

6. Adaptacións necesarias á docencia non presencial

Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena

Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais

Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial

7. Revisión do desenvolvemento da adenda

## **1. Temporalización**

Primeiro trimestre do curso 2020-21.

## **2. Obxectivos desta adaptación.**

- Incorporar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como planificar a transición ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.
- Recuperar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
- Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados a finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.
- Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

## **3. Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.**

Tivemos en conta os informes individualizados elaborados ao finalizar o curso anterior así como a avaliación inicial desenvolvida neste curso.

Propoñeranse tarefas globalizadas que requiran a posta en práctica de todas as competencias do alumnado, potenciarase o uso das TIC como recurso didáctico e as actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación.

Os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas que se propoñan terán un carácter práctico. Estas actividades, tal como ven especificado na programación deste curso, poderanse desenvolver de forma presencial e non presencial, dependendo da situación.

## ATENCIÓN AO ALUMNADO DE NEAE

Este plan de reforzo e recuperación terá en conta as necesidades individuais do alumnado e prestará especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer ao longo do curso.

## LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN

Unha vez tido en conta a avaliación inicial do alumnado e as aprendizaxes non adquiridas relativas aos informes individualizados do curso anterior, seleccionáronse os estándares que se consideran fundamentais para poder garantir unha continuidade do proceso ensino-aprendizaxe.

Dado que as aprendizaxes non adquiridas corresponden a bloques que son tamén obxecto da programación deste curso, e que moitos dos seus elementos curriculares volveranse a traballar en profundidade, trátaranse cos estándares correspondente a este curso, partindo do nivel competencial do alumnado ata chegar a acadar, polo menos, os indicadores mínimos de logro do presente curso.

### **4. Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada area e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.**

<b>CURSO</b>	<b>1º DE PRIMARIA</b>
CIENCIAS DA NATUREZA	En xeral, non se aprecian dificultades de aprendizaxe significativas.
CIENCIAS SOCIAIS	En xeral, non se aprecian dificultades agás na imposibilidade de realizar tarefas grupais.
EDUCACIÓN FÍSICA	O grao de desenvolvemento motriz é adecuado ao nivel educativo.
EDUCACIÓN MUSICAL	Non se aprecian, en xeral, dificultades de aprendizaxe significativas.

LINGUA CASTEÁ E LITERATURA	<p>Expresión oral axeitada á idade.</p> <p>Iniciación incompleta na lectoescritura. Motivación satisfactoria.</p> <p>Direccionalidade incorrecta(esquerda/dereita) nalgunhas grafías.</p> <p>Útil de escritura mal suxeito por parte dalgúns alumnos.</p>
LINGUA GALEGA E LITERATURA	<p>Algúns alumnos de familias non galego falantes presentan dificultade para expresarse oralmente en galego pero mostran unha actitude positiva.</p> <p>Iniciación incompleta na lectoescritura. Motivación satisfactoria.</p> <p>Direccionalidade incorrecta nalgunhas grafías.</p> <p>Útil de escritura mal suxeito por parte dalgúns alumnos.</p>
LINGUA ESTRANXEIRA	Reforzar as estruturas gramaticais básicas, así como acadar un nivel de expresión e comprensión oral -escrita axeitado para a súa idade.
MATEMÁTICAS	<p>Prerrequisitos e habilidades para a aprendizaxe matemática propios do nivel.</p> <p>Direccionalidade incorrecta nos trazos da numeración básica(0-9)</p>
RELIXIÓN CATÓLICA/VALORES	<p>Valores (3 alumnos)-Sen dificultade.</p> <p>Relixión- Sen dificultade.</p>
PLÁSTICA	Non se aprecian dificultades agás na suxeición dos lapis de cores.

<b>CURSO</b>	<b>2º DE PRIMARIA</b>
CIENCIAS DA NATUREZA	Na área de ciencias da natureza non presentan ningunha dificultade en canto a contidos.
CIENCIAS SOCIAIS	Na área de ciencias sociais non presentan ningunha dificultade en canto a contidos.
EDUCACIÓN FÍSICA	<p>Tomamos datos de saúde e antropométricos, recollemos información sobre as súas capacidades perceptivo motrices e psicomotrices, ademáis do nivel de execución das habilidades básicas e a súa actitude fronte á materia. Incluímos tamén, os datos relevantes reflexados no Expediente Académico e na Adaptación da Programación do curso pasado.</p> <p>Grao de desenvolvemento motriz adecuado ao nivel educativo.</p>

EDUCACIÓN MUSICAL	Non se aprecian, en xeral, dificultades de aprendizaxe significativas.
LINGUA CASTELÁN E LITERATURA	Unha parte da clase presenta algunha dificultade na caligrafía e varios alumnos/as teñen aínda lectura silábica. en xeral teñen bastante dificultade na comprensión lectora.
LINGUA GALEGA E LITERATURA	Parte do alumnado le silabicamente e ten dificultades coa caligrafía. na lingua galega, en xeral, teñen dificultades na lectura e na comprensión lectora.
LINGUA ESTRANXEIRA	Reforzar as estruturas gramaticais básicas, así como acadar un nivel de expresión e comprensión oral -escrita axeitado para a súa idade.
MATEMÁTICAS	a maior dificultade que vexo nesta área é a resolución de problemas e o cálculo mental que é moi floxo. tamén, unha parte da clase, non ten interiorizado o concepto de suma e de resta.
RELIXIÓN CATÓLICA/VALORES	en canto a valores non presentan ningunha dificultade.
PLÁSTICA	non teñen dificultades, o único que algúns recortan mal.

<b>CURSO</b>	<b>3º DE PRIMARIA</b>
CIENCIAS DA NATUREZA	Sen dificultades concretas.
CIENCIAS SOCIAIS	Sen dificultades concretas.
EDUCACIÓN FÍSICA	Tomamos datos de saúde e antropométricos, recollemos información sobre as súas capacidades perceptivo motrices e psicomotrices, ademáis do nivel de execución das habilidades básicas e a súa actitude fronte á materia. incluímos tamén, os datos relevantes reflexados no expediente académico e na adaptación da programación do curso pasado. grao de desenvolvemento motriz adecuado ao nivel educativo.
EDUCACIÓN MUSICAL	Obsérvase unha falta de coñecementos sobre as equivalencias das figuras e o nome de algúns instrumentos musicais

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	Faltas de ortografía (b/v, g/j e uso do h), dificultade no uso dos signos de puntuación na elaboración textos.
LINGUA GALEGA E LITERATURA	Dificultade no uso dos signos de puntuación en pequenos textos e faltas de ortografía.
LINGUA ESTRANXEIRA	Reforzar as estruturas gramaticais básicas, así como acadar un nivel de expresión e comprensión oral -escrita axeitado para a súa idade.
MATEMÁTICAS	Dificultade na multiplicación (táboa do 7, 8 e 9), no concepto de división, na resolución de problemas de máis dunha operación e na xeometría.
RELIXIÓN CATÓLICA/VALORES	Relixión católica: sen dificultades Valores: non presentan dificultades.
PLÁSTICA	Non presentan dificultades.

<b>CURSO</b>	<b>4º de Primaria</b>
CIENCIAS DA NATUREZA	Sen dificultade.
CIENCIAS SOCIAIS	Sen dificultade.
EDUCACIÓN FÍSICA	Valoramos preferentemente, o grao de autonomía, o nivel de habilidades motrices básicas, o equilibrio e a expresión corporal. O resultado foi óptimo.
EDUCACIÓN MUSICAL	Vemos unha carencia na aprendizaxe das figuras rítmicas.
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	Dificultade no manexo do dicionario.
LINGUA GALEGA E LITERATURA	Dificultade no manexo do dicionario.
LINGUA ESTRANXEIRA	Reforzar as estruturas gramaticais básicas, así como acadar un nivel de expresión e comprensión oral -escrita axeitado para a súa idade.
MATEMÁTICAS	Dificultade na comprensión de certos enunciados de problemas matemáticos.

RELIXIÓN CATÓLICA/VALORES	Sen dificultade
PLÁSTICA	Sen dificultade

<b>CURSO</b>	<b>5º DE PRIMARIA</b>
CIENCIAS DA NATUREZA	Aprender a elaborar traballos en libreoffice relacionados coa materia.
CIENCIAS SOCIAIS	Traballar a elaboración de traballos relacionados coa asignatura (búsqueda de información, selección e reprodución coas súas palabras.
EDUCACIÓN FÍSICA	Valórase preferentemente, o grao de autonomía, o nivel de habilidades motrices básicas, o equilibrio e a expresión corporal. O resultado foi satisfactorio.
EDUCACIÓN MUSICAL	Reforzar nas figuras rítmicas e no coñecementos dos instrumentos musicais
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	Reforzar expresión oral e escrita, elementos da análise gramática (verbos, adverbios, preposicións). Ortografía.
LINGUA GALEGA E LITERATURA	Deficit expresión oral e escrita, elementos da análise gramática (verbos, adverbios, preposicións). Ortografía.
LINGUA ESTRANXEIRA	Reforzar as estruturas gramaticais básicas, así como acadar un nivel de expresión e comprensión oral -escrita axeitado para a súa idade.
MATEMÁTICAS	Reforzar a resolución de problemas e dentro das operacións a división, as medidas (lonxitude, capacidade, masa e superficie), xeometría.
RELIXIÓN CATÓLICA/VALORES	Valores: Sen dificultade. Relixión: Sen dificultade.
PLÁSTICA	Sen dificultade.



<b>CURSO</b>	<b>6º DE PRIMARIA</b>
CIENCIAS DA NATUREZA	Avaliación basicamente diagnóstica que recolle: aprendizaxes previos mal asimilados, falta de compromiso coa aprendizaxe, falta de comprensión, falta de estratexias de saber facer na área e falta de reflexión sobre a demanda do aprendizaxe e lectura e comprensión do enunciado.
CIENCIAS SOCIAIS	Avaliación basicamente diagnóstica que recolle: aprendizaxes previos mal asimilados, falta de compromiso coa aprendizaxe, falta de comprensión, falta de estratexias de saber facer na área e falta de reflexión sobre a demanda do aprendizaxe.
EDUCACIÓN FÍSICA	Valoramos preferentemente, o grao de autonomía, o nivel de habilidades motrices básicas, o equilibrio e a expresión corporal. O resultado foi satisfactorio.
EDUCACIÓN MUSICAL	Reforzar nas figuras rítmicas e no coñecementos dos instrumentos musicais
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	Avaliación basicamente diagnóstica que recolle: Reforzar expresión oral e escrita, elementos da análise gramática. Ortografía. Unha mellora na comprensión lectora
LINGUA GALEGA E LITERATURA	Avaliación basicamente diagnóstica que recolle: Reforzar expresión oral e escrita, elementos da análise gramática. Ortografía. Unha mellora na comprensión lectora
LINGUA ESTRANXEIRA	Reforzar as estruturas gramaticais básicas, así como acadar un nivel de expresión e comprensión oral -escrita axeitado para a súa idade.
MATEMÁTICAS	Reforzar a resolución e comprensión de problemas, a división e a xeometría
RELIXIÓN CATÓLICA/VALORES	En <i>Relixión</i> , sen dificultade. En <i>Valores Sociais e Cívicos</i> , observamos a necesidade de reforzar, preferentemente, o terceiro bloque de contidos, a convivencia e os valores sociais. Afondaremos no respecto das normas, solidariedade e xustiza social, entre outros.
PLÁSTICA	Nas probas realizadas non se observan resultados que aconsellen, con carácter xeral, ningunha modificación ou adaptación substancial dos elementos curriculares.

5. Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.

<b>CURSO</b>	<b>1º PRIMARIA</b>
<b><u>Revisión dos obxectivos de area ou materia</u></b>	Obxectivos específicos dos contidos a tratar que se traballarán neste curso 2020/2021
<b><u>Revisión das competencias clave</u></b>	Revisarase as seguintes competencias: Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, sentido da iniciativa e espírito emprendedor e Conciencia e expresións culturais.
<b><u>Revisión dos contidos</u></b>	Avance da serie numérica, iniciación a suma e resta, seriacións máis complexas, cuantificadores. Avance na lectoescritura, ampliación de vocabulario, utilización de contos.

<b>CURSO</b>	<b>2º PRIMARIA</b>
<b><u>Revisión dos obxectivos de area ou materia</u></b>	Obxectivos específicos dos contidos a tratar que se traballarán neste curso 2020/2021
<b><u>Revisión das competencias clave</u></b>	Revisarase as seguintes competencias: Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, sentido da iniciativa e espírito emprendedor e Conciencia e expresións culturais.
<b><u>Revisión dos contidos</u></b>	<p>Inglés: expresión de cantidade, capacidade, estados de ánimo, expresión da posesión, produción de textos orais e escritos, fonética, aspectos socioculturais da lingua inglesa</p> <p>Relixión: a Igrexa, familia de Xesús. Espazoe tempo sacro na Igrexa. O domingo, día adicado o Señor.</p> <p>Educación Física: Expresión corporal, xogos de patio, xogos de colaboración – oposición, ampliación dos xogos de Galicia tratados puntualmente na celebración do magosto.</p> <p>Matemáticas: Suma de tres números, sumas levando, corpos xeométricos, o reloxo. O diñeiro.</p> <p>Lengua e Lingua: Singular e plural, os verbos (presente, pasado e futuro), regras ortográficas( mp-mb, signos de interrogación)</p> <p>Ciencias da Natureza: Materiais, máquinas e recliuclaxe.</p> <p>Ciencias Sociais: O sol, a terra e a Lua( Sistema Solar)</p> <p>Música: Notas, instrumentos musicais, Figuración.</p>

<b>CURSO</b>	<b>3º PRIMARIA</b>
<b><u>Revisión dos obxectivos de area ou materia</u></b>	Obxectivos específicos dos contidos a tratar que se traballarán neste curso 2020/2021
<b><u>Revisión das competencias clave</u></b>	Revisarase as seguintes competencias: Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, sentido da iniciativa e espírito emprendedor e Conciencia e expresións culturais.
<b><u>Revisión dos contidos</u></b>	<p>Inglés: expresión de cantidade, capacidade, habilidade, estados de ánimo, animais, bebidas, localización de obxectos, partes do corpo, membros da familia, expresión da posesión, gustos , produción de textos orais e escritos, patróns gráficos, fonética, aspectos socioculturais da lingua inglesa.</p> <p>Relixión: o Bautismo: incorporación á Igrexa. Xesucristo santifica o tempo: o ano Litúrxico.</p> <p>Educación Física: Expresión corporal, xogos de patio e xogos tradicionais galegos.</p> <p>Matemáticas: repartos e división. Corpos xeométricos. Problemas con diñeiro, de tempo e de dobre/mitade. Problemas de dúas operacións. Seguro, posible e imposible.</p> <p>Lingua: gramática: verbo. Expresión escrita: carta, cartel e instrucións. Ortografía: a coma e as palabras con i/ll</p> <p>Lengua: Gramática: adxetivo, pronome persoais e verbo. Expresión escrita: diálogos teatrais, cartel e cómic. Ortografía: a coma. Vocabulario: Antónimos.</p> <p>Ciencias da Natureza: os animais invertebrados. A auga. O aire. As forzas e o movemento. Os materiais. As máquinas e o seu funcionamento.</p> <p>Ciencias Sociais: A auga: estados e usos, os ríos, ciclo da auga. A rocha. O tempo</p> <p>Música: instrumentos musicais galegos, figuración. Expresión corporal.</p>

<b>CURSO</b>	<b>4º PRIMARIA</b>
<b><u>Revisión dos obxectivos de area ou materia</u></b>	Obxectivos específicos dos contidos a tratar que se traballarán neste curso 2020/2021
<b><u>Revisión das competencias clave</u></b>	Revisarase as seguintes competencias: Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, sentido da iniciativa e espírito emprendedor e Conciencia e expresións culturais.
<b><u>Revisión dos contidos</u></b>	<p>Inglés: expresión de cantidade, capacidade, habilidade, desexo, estados de ánimo, animais, bebidas, plantas, localización de obxectos, partes do corpo, membros da familia, expresión da posesión, gustos, prezo, produción de textos orais e escritos, patróns gráficos, fonética, aspectos socioculturais da lingua inglesa.</p> <p>Relixión: a Igrexa continuadora da misión de Xesús. O noso Pai, signo de pertenza á comunidade cristiá.</p> <p>Educación Física: Expresión corporal(/posibilidades expresivas do corpo e do movemento) xogos de exterior , xogos de cooperación – oposición e ampliación dos xogos tradicionais de Galicia tratados no Magosto.</p> <p>Matemáticas: números decimais e operacións con números decimais. Lonxitude. Capacidade e masa. Tempo. Rectas e ángulos. Figuras planas.</p> <p>Lengua: Vocabulario (familia de palabras, xentilicios, palabras colectivas, onomatopeas e parónimas. Campo semántico) Gramática( artigo, poseivo, demostrativo, adxectivo, pronome persoal, verbo)</p> <p>Lingua: Gramática(artigo, posesivo, demostrativo, adxectivo, pronome persoal, verbo)</p> <p>Ciencias da Natureza: os animais acuáticos e terrestres. As plantas e os animais en Galicia. A materia. A enerxía e o medio natural. As forzas e as máquinas.</p> <p>Ciencias Sociais: O goberno do municipio. Os servizos municipais. Os traballos na natureza. Os traballos nas fábricas e os servizos. O paso do tempo.</p> <p>Música: instrumentos musicais galegos, figuración. Calidades do son. Bailes.</p>

<b>CURSO</b>	<b>5º PRIMARIA</b>
<b><u>Revisión dos obxectivos de area ou materia</u></b>	Obxectivos específicos dos contidos a tratar que se traballarán neste curso 2020/2021
<b><u>Revisión das competencias clave</u></b>	Revisarase as seguintes competencias: Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, sentido da iniciativa e espírito emprendedor e Conciencia e expresións culturais.
<b><u>Revisión dos contidos</u></b>	<p>Ciencias Sociais: A poboación en España, A Idade Media e a Idade Moderna</p> <p>Ciencias da Natureza: As funcións de relación e de reprodución do ser humano; A materia e a enerxía.</p> <p>Matemáticas: As medidas de superficie, ángulos e figuras planas.</p> <p>Lingua e lingua: Vocabulario: palabras derivadas, sufijos diminutivos, aumentativos e despectivos, xentilicios, préstamos lingüísticos, familia de palabras e campo semántico. Literatura: contos e novelas , ritmo en poesía, poesía popular, teatro. Gramática: verbo, palabras invariables, sintagma nominal e verbal, enunciado-oración. Expresión Oral e escrita: noticia e entrevista, anuncios publicitarios, recitar poesía, cartas ao director, recensións.</p> <p>Educación Física: Expresión corporal, xogos e deportes.</p> <p>Inglés: Expresión de cantidade, capacidade, habilidade, desexo, estados de ánimo, gustos, animais, bebidas, plantas, localización de obxectos, partes do corpo, membros da familia, expresión de posesión, uso do tempo presente pasado e presente en afirmativos negativo e interrogativo, produción de textos orais e escritos, patróns gráficos, fonética, aspectos socioculturais da lingua inglesa.</p> <p>Relixión: a Igrexa continuadora dá misión de Xesús. Ou noso Pai, signo de pertenza á comunidade cristiá.</p> <p>Música: instrumentos musicais do mundo,. Calidades do son. Expresión corporal. Fruta.</p>

<b>CURSO</b>	<b>6º PRIMARIA</b>
<b><i>Revisión dos <u>obxectivos de area ou materia</u></i></b>	Obxectivos específicos dos contidos a tratar que se traballarán neste curso 2020/2021
<b><i>Revisión <u>das competencias clave</u></i></b>	Revisarase as seguintes competencias: Competencia en comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, sentido da iniciativa e espírito emprendedor e Conciencia e expresións culturais.

**Revisión dos  
contidos**

Lengua: A traxedia e a comedia. características do xénero teatral. Recoñecer o concepto de texto dramático. Identificar os diferentes tipos de texto dramático. Recoñecer o concepto de representación teatral. Identificar as diferentes partes dunha representación teatral. Diferentes tipos de estrutura dunha obra teatral. Identificar os diferentes tipos de estrutura dunha obra teatral. Recoñecer os conceptos de coherencia e cohesión. Identificar se un texto ten as propiedades de coherencia e cohesión. Elaborar textos que sigan as propiedades de coherencia e cohesión. Recoñecer as características da traxedia e da comedia. concepto de lírica popular. Recoñecer o concepto de lírica culta. Identificar os diferentes textos da lírica popular. Identificar os diferentes textos da lírica culta.

Lingua: Locutar un anuncio de radio. Facer un acróstico. Coñecer que é o teatro, as anotacións e a escena. Escribir unha carta ao director. Profundar no teatro e coñecer a Comedia, o drama e a traxedia.

Matemáticas: non se desenvolveron, de maneira presencial, os seguintes contidos do terceiro trimestre: áreas e volumes dos poliedros e corpos redondos. Estatística e probabilidade. Repaso xeral dos contidos anuais.

Ciencias Naturais: A electricidade e o magnetismo / As máquinas.

Ciencias Sociais: A idade contemporánea / O patrimonio histórico.

Inglés: Expresión de cantidade, capacidade, habilidade, desexo, estados de ánimo, gustos, animais, bebidas, plantas, localización de obxectos, partes do corpo, membros da familia, expresión da posesión, dos gustos, descrições, prezo, uso do tempo presente e pasado en afirmativo, negativo e interrogativo, expresión do modo, produción de textos orais e escritos, establecementos da comunicación, patróns gráficos, fonética, aspectos socioculturais da lingua inglesa.

Relixión: Os sacramentos ao servizo da misión da Igrexa: Confirmación, Orde e Matrimonio.

música: instrumentos musicais do mundo,. Calidades do son. Expresión corporal. Frauta.



	Educación Física: A expresión corporal (posibilidades expresivas do corpo e do movemento, representación de personaxes e historias, creación de movementos adaptados a diversos ritmos musicais, práctica de bailes tradicionais galegos) e execución de diferentes xogos/deportes tradicionais de Galicia.
--	---

## 6. Adaptacións necesarias á docencia non presencial

O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.

- A maior parte do profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite empregar as aulas virtuais e proporcionarse material de axuda e formación para que todo o profesorado poida facer uso da aula virtual.
- En calquera caso, a coordinadora do equipo TICs con axuda do seu equipo será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica). O resto de funcións (comunicación coa UAC, coa responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...) tamén forman parte das tarefas do equipo TICs.
- O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
- Durante as primeiras semanas de clase cada mestre de Primaria e Infantil familiarizarase co funcionamento da súa aula virtual e co seu alumnado. A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:
  - Acceso á aula virtual (de infantil a 6º de primaria).

- Envío de tarefas a través da aula virtual.
- Xestión da súa conta de correo electrónico e funcionalidades básicas da conta -nube, vídeo, documentos.
- Envío de mensaxes por vía interna da aula virtual.

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes :

- ✓ Aplicación Abalarmóbil, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado
- ✓ Correo electrónico: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa
- ✓ Teléfono: comunicación directa e inmediata.

As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas polo profesorado titor coa colaboración dos mestres especialistas e o equipo docente de TICs.

### ***Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.***

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles. Igualmente o mestre ou mestra poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

***Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.***

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión

***Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.***

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) Uso da aula virtual en tódolos cursos da Educación Infantil e Primaria, con Edixgal e complementada co emprego da aplicación “CiscoWebex”
- b) Como recursos alternativos a empregar na aula dixital están os elaborados por profesorado do centro e aloxados na nosa propia web segundo áreas educativas e niveis educativos, os contidos Abalar na web da Consellería, os contidos dixitais do Ministerio de Educación e aqueles outros existentes na rede e considerados axeitados para o nivel educativo no que se vaia a empregar

**7. Revisión do desenvolvemento da addenda**

A revisión desta addenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do 2º trimestre e segundo o seu resultado procederase á súa actualización.